Da mellor Moure

Para avivar as lapas

MARGA ROMERO

"*Cínicas* é un texto concibido para un espectáculo teatral mais talvez non sexa completamente –aínda– unha obra dramática". Con esta "instalación" da dúbida sobre a distancia entre "espectáculo teatral" e "obra dramática" comeza este pequeno prólogo da nova entrega literaria de Teresa Moure; un prólogo no que se len moito máis do que indicacións de como "re–presentar" ou, se se quere, de como ler este "teatro líquido".

Estamos diante dun texto magnífico co que se podería realizar un espectáculo incómodo, desacougante, que azoute as conciencias dun público, aínda que tal público poida estar nunha casa okupada ou "no piso onde aínda viva unha anciá, apenas uns días antes de que a enclaustren nunha residencia". As personaxe de *Cínicas* son, no primeiro acto, Sara, que nos abraia co seu monólogo, coa reiteración dos seus movementos; no segundo acto, no que asistimos a presenza dun xogo acrónico provocado pola presenza de novos personaxes "coa súa mestura de intereses e de épocas", aparecen o Celador , o Soldado Ateniense e Dióxenes que "como único requerimento do texto" debe ser interpretado por unha muller, e preséntase como "un filósofo grego do século IV a. de C." que pertence á Escola Cínica; no terceiro acto, entra en escena Ana, unha muller "nova, fermosa e dinámica, sen recunchos", que vai ao encontro da súa única cita anual co seu amante Ramón, prodúcese o encontro entre Sara Noutrora e Sara, e os seus diálogos agudos e irónicos conseguen trasladarnos a súa desobediencia, que cuestionemos os valores establecidos, desde esas mesmas cadeiras desde as que xa, como público, desexamos "participar" co noso refugallo no espectulo.No remate instálase a cuestión: e el haberá algo a re–nacer de tanta cinza? Literatura para avivar as lapas, un texto que non pode pasar desapercibido.A mellor Teresa Moure.



MOURE, Teresa, Cínicas, Ed. Udade. Da Coruña, 2010, PVP. 15 €